

# **PREGO DE ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS PARA O SUBMINISTRO DE MAQUINARIA DESTINADA Á EXECUCIÓN DUN PLAN DE XESTIÓN DA BIOMASA**

## **1.- OBXECTO DO PREGO:**

O obxecto do presente prego é definir as características técnicas e funcionais dun tractor agrícola e dos apeiros, que se destinarán para executar traballos da xestión da biomasa no Concello de A Estrada.

## **2.- PREZO DE LICITACIÓN:**

O prezo máximo de licitación será de 80.000,00 euros, IVE e impostos incluídos.

## **3.- PRAZO DE EXECUCIÓN:**

O prazo máximo para a execución do presente contrato será de cinco semanas.

## **4.- LUGAR DE ENTREGA:**

O subministro entregarase na Praza da Constitución s/n do Concello da Estrada.

## **5.- PARTES E COMPONENTES DO SUBMINISTRO:**

- 5.1. Tractor.
- 5.2. Apeiros.

## **6.- ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS DO SUBMINISTRO:**

### *6.1 TRACTOR*

#### A. MOTOR

- Potencia (mínima) 120 CV.
- Par máximo: 500 Nm (a 1.300-1.400 r.p.m.)
- 5 cilindros (mínimo)
- Con filtro de aire

#### B. TRANSMISIÓN E CAIXA DE CAMBIOS

- Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
- Inversor electrohidráulico baixo par

#### C. TOMA DE FORZA

- Disco de embrague independente
- Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 r.p.m.)

#### D. EQUIPO HIDRÁULICO

- Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo
- Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/minuto

#### E. OUTRAS

- Ángulo de xiro de dirección 55 grados.
- Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado.
- Blindaxe protexida para traballos en zona de abundante maleza.

### 6.2 APEIROS

#### A. CABRESTANTE

- Forza tiro mínima: 8000 qg.
- Mínimo 50 mts de cable de 14 mm diámetro
- Accionamento hidráulico e reversible

#### B. DESBROZADORA DE ARRASTRE

- Desbrozadora de enganche traseira
- Con rotor de martelos ou de cadeas
- Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
- Ancho de traballo mínimo: 1,65 metros

#### C. DESBROZADORA DE BRAZO

- Cabezal adiantado
- Alcance: 3-5,5 metros
- Cabezal de 1,15-1,25 metros adaptable a cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación
- Sistema de refrixeración adecuado.

Estes apeiros serán totalmente desmontábeis, permitindo utilizar o vehículo para os traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais.

Subministraranse os manuais de uso, técnicos e de mantemento do tractor e apeiros, así como o listado de despece do mesmo.

### **7.- OUTRAS CONDICIÓNIS:**

Cumprimento das obrigacións empresariais que establece a Lei de Prevención de Riscos Laborais, así como a normativa e regulamentación que lle sexa de aplicación no seu caso (Norma Básica de Edificación NBE-CPI-96, Regulamento Lugares de Traballo, etc) así como evitar ou reducir no máximo posible, e sempre dentro da legalidade, calquera impacto ambiental (e dentro del a xeración de residuos) que o desenvolvemento do traballo ou actividade, obxecto do contrato, puidera xerar.

## **8.- VALORACIÓNS:**

8.1. Valorarase a aportación doutros apeiros que sexan compatibles co traballo a desenvolver.

8.2. Valorarase a compatibilidade da nova adquisición co equipo de máquinas existentes na actualidade. Anexo I.

8.3. Valorarase que a desbrozadora de brazo veña equipada con "joystick".

## **9. GARANTÍA:**

9.1. A garantía para o presente subministro será de dous anos como mínimo.

9.2 Valorarase a ampliación do prazo de garantía e os períodos de mantemento a todo risco gratuítos.

## **10. POSTA A PUNTO E INSTALACIÓN:**

O tractor se subministrará completo, incluíndo todos os elementos necesarios para o seu correcto funcionamento.

## **11.- FORMA DE PAGO:**

O pago farase efectivo nun único pago, unha vez recibida e facturada a totalidade do subministro.

A factura deberá incluír todas as mencións legalmente obrigatorias. Os prazos previstos no artigo 99 do TRLCAP computaranse a partires da entrega polo concesionaria da respectiva factura e debidamente recepcionado o obxecto do contrato.

## **12.- DOCUMENTACIÓN TÉCNICA:**

A documentación técnica se presentará na forma esixida no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e debidamente firmada polo representante da empresa.

A Estrada, 23 de xullo de 2008.

O Enxeñeiro Técnico Municipal.

D. Ramón Brea Villaverde.



## ANEXO I

### **DESCRINCIÓN DOS APEIROS EXISTENTES:**

- Desbrozadora Belafer, modelo MAC 3
- Desbrozadora Orsi (serie profesional) River 501 LX
- Temporalmente a Xunta cede para a súa utilización a seguinte desbrozadora: Ferri TSE-60





## ANEXO-II AOS PREGOS DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DUN TRACTOR.

EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
(PONTEVEDRA)

### CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLARÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO DE A ESTRADA PARA A COMPRA DE MAQUINARIA DESTINADA Á EXECUCIÓN DUN PLAN DE XESTIÓN DA BIOMASA

En Santiago de Compostela, **13 XUN. 2008**

Por unha banda, don **Alfredo Suárez Canal**, Conselleiro do Medio Rural, en nome e representación da **Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galiza**, actuando no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu Presidente.


Da outra, don **José Antonio Dono López** Alcalde-Presidente do concello de **A Estrada**, en virtude das facultades representativas que o atribúe o artigo 61.1 da lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galiza.

Ambas as dúas partes actúan no exercicio dos seus respectivos cargos, coa representación legal que ostentan, e recoñécense mutuamente capacidade para se obrigaren nos termos do presente convenio marco

#### EXPOÑEN:

**PRIMEIRO.-** A Consellaría do Medio Rural ten conferida a competencia en materia de prevención, extinción e defensa contra os incendios forestais de acordo coas seguintes normas:

- O Estatuto de Autonomía de Galiza, no seu artigo 27, apartado 10, dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma Galega a competencia exclusiva en materia de montes, aproveitamentos forestais e naturais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.
- Os artigos 6 e 7 do real decretos 167/81, de 9 de xaneiro, e máis o artigo 2 real decreto 1535/1984, de 20 de xuño.
- A lei 43/2003, de 21 de novembro, de Montes.
- O decreto 232/2005, de 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galiza e o decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo





que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

- A lei 3/2007 do nove de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galiza

**SEGUNDO.-** Os concellos teñen atribuídas, a teor dos artigos 80 da lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galiza e 25 da lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencias en materia de protección do medio ambiente, protección civil e a prevención e extinción de incendios.


**TERCEIRO.-** O Acordo Marco de cooperación entre a Consellería de Medio Rural e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) acorda as regras xerais polas que a Consellaría do Medio Rural fomentará a participación da FEGAMP e das Entidades Locais que así o soliciten na finalidade común de actuar nas tarefas de prevención nas zonas delimitadas como faixas de especial protección ao obxecto de evitar os incendios forestais ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo.

**CUARTO.-** Os incendios forestais son unha ameaza que afecta hoxe en día, de xeito xeral, non só ao patrimonio dos propietarios particulares forestais e de comunidades de montes veciñais, senón tamén aos recursos naturais e ao mantemento e desenvolvemento da actividade humana no medio rural.

Compre, pois, un enfoque global na actuación preventiva ante os incendios forestais, de xeito que as medidas que se implementen abrangan todo o territorio aínda que, para unha maior eficacia do uso dos recursos, hai que priorizar as zonas clasificadas polo Goberno galego como de alto risco, de acordo cos seus plans de prevención e defensa contra incendios forestais.

**QUINTO.-** A Xunta de Galicia ven obrigada a incluír nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para o asinamento de convenios de colaboración cos concellos para a realización de traballos preventivos, segundo o disposto no artigo 59.2 da lei 3/2007.

**SEXTO.-** Compre lembrar, por outra banda, que segundo o disposto no artigo 25 da lei 3/2007 están prohibidas as repoboacións en solo urbano e núcleos rurais; ademais de en





zonas dedicadas á labranza, cultivo, prados ou pastos, con independencia da súa cualificación urbanística.

**SÉTIMO.-** As Entidades Locais de Galiza constitúen o tecido básico territorial sobre o que se ten que desenvolver a política de prevención contra os incendios forestais.

**OITAVO.-** É vontade do concello de A Estrada, cooperar coa Consellaría de Medio Rural na xestión da biomasa forestal de acordo cos programas e actuacións que esta deseña.

Ambas as dúas partes acordan asinar o presente "**Convenio para a compra de maquinaria destinada á execución dun plan de xestión da biomasa**", de acordo coas seguintes,

#### CLÁUSULAS:

##### PRIMEIRA: Obxecto.

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellaría do Medio Rural e o Concello de A Estrada na xestión da biomasa en redes de faixas da súa titularidade conforme ao disposto na lei 3/2007, especialmente no relativo aos artigos 22 e 23 desta lei, co obxecto de evitar os incendios forestais ou, en todo caso, minorar as súas consecuencias económicas e ambientais, mediante a adquisición de maquinaria para a execución de traballos preventivos nos estratos arbóreos, arbustivo e subarbustivo, consonte o disposto no anexo I, especialmente en vías e camiños forestais.

##### SEGUNDA. Compromisos do concello

O concello comprométese a:

- Adquirir a maquinaria e apeiros necesarios, coas características que se indican no anexo II para a realización de desbroces no ámbito do seu Concello.
- Utilizar a maquinaria durante os 5 anos seguintes dende a súa adquisición na realización de traballos preventivos nun mínimo de 20 ha/ano (aproximadamente 50 km de pista/ano) de redes de faixas de titularidade municipal.





- Manter a vinculación da maquinaria coa realización de labores de prevención contra incendios durante toda a súa vida útil, **baixo a coordinación do distrito forestal**.
- Ter, pola súa conta, a maquinaria obxecto da adquisición para a realización destes traballos preventivos en perfectas condicións mecánicas e de dotación e ao corrente en toda a documentación administrativa: (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc.
- Efectuar as reparacións e revisións da maquinaria o antes posible e sempre a conta deste, para garantir o seu continuo funcionamento.
- Dispoñer do persoal para o manexo da maquinaria para a realización dos desbroces.
- Comunicar o inicio das actuacións preventivas, asinadas pola autoridade ou funcionario municipal competente.

### TERCEIRA. Coordinación dos traballos

Os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de xestión de biomasa vexetal presentado polo concello, que deberá estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal correspondente, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula **cuarta** do convenio.

Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación dos traballos polo técnico competente da Consellaría do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.

### CUARTA.- Seguimento do Convenio

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellaría de Medio Rural (ou representante en quen delegue), un representante do concello e o Xefe do Distrito Forestal. Esta comisión aprobará o plan de xestión de biomasa vexetal e, de ser o caso, as modificacións do mesmo que poida presentar o Concello.

### QUINTA. Dotación orzamentaria

A Consellaría do Medio Rural, financiará as accións previstas neste convenio con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano **2008**. En relación co gasto público total, a porcentaxe de cofinanciación do FEADER é dun 57,56%. A porcentaxe máxima a subvencionar neste convenio será do 70% do investimento e ata un máximo de **CINCUENTA MIL EUROS ( 50.000 €)**.







As accións previstas neste convenio financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2008.

A Consellería comprométese a financiar os custes da adquisición de maquinaria para a realización dos traballos previstos, segundo o disposto nas cláusulas deste convenio, sen superar en ningún caso, os importes máximos reflectidos no paragrafo anterior.

Non se prevee a realización de pagamentos parciais ou anticipos

### SEXTA. Pagamentos


A xustificación da adquisición desta maquinaria rematará o **30 de novembro** do presente ano e para proceder ao pagamento deberá remitirse a seguinte documentación:

#### Por parte do concello:

- Documentación acreditativa da adquisición da maquinaria para a realización do plan de xestión de biomasa (factura e documento acreditativo do pago da mesma).

Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía do de 12.000 euros, no suposto da subministración de bens de equipo, un mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non existan no mercado suficiente número de entidades que o subministren, o salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. A elección entre as ofertas presentadas, que deberán presentarse na xustificación, realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, segundo o disposto no artigo 29.3 da lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

- Acta de recepción da maquinaria.
- Declaración de axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade; no caso de non ter ningunha axuda, deberán presentar unha declaración de que só se percibe este importe para esta finalidade (Resolución da Consellaría de Economía e Facenda do 30 de novembro de 1999, DOG nº 236 do 9 de decembro de 1999).
- Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control, da execución do gasto total do convenio e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda. No caso de que existan outras axudas deberase especificar a achega de todas as axudas e o gasto total do conxunto destas. Considerase gasto





realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

O IVE non será subvencionable.

Por parte da consellaría:

- Certificación dun técnico do Distrito Forestal, no que se enmarque o concello, na que se verifique que o **vehículo tractor** adquirido polo concello cumpre cos requisitos estipulados no presente convenio (tanto en características técnicas como en documentación).

O concello deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como das entidades competentes na realización de auditorías ao FEADER.

#### SÉTIMA.- Sistema de Control e obriga de información

Para a correcta xestión dos fondos comunitarios, a Consellaría do Medio Rural se axustara aos procedementos de control previstos no Regulamento (CE) 1975/2006 da Comisión. A tal efecto, o Concello proporcionará tanta información se precise e colaborará nas actuacións de comprobación que procedan. Por outra parte, como investimento suxeito ao compromiso de asistencia descrito no artigo 72 do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, a Consellaría do Medio Rural verificará o cumprimento dos compromisos pactados na cláusula segunda, guión segundo. O incumprimento do compromiso determinará a recuperación dos importes aboados pola Consellaría, de conformidade co artigo 33 do Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello.

#### OITAVA. Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

#### NOVENA. Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras



administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.

#### **DÉCIMA. Interpretación**

A Consellaría de Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.


#### **DÉCIMO PRIMEIRA. Rescisión do convenio**

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula cuarta, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da lei 9/2007 de subvencións de Galiza.

#### **DÉCIMO SEGUNDA. Natureza do convenio e normativa aplicable**

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na lei 9/2007, de subvencións de Galiza, na lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión do 7 de decembro polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.





**DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia.**

O presente convenio manterá a súa vixencia máxima até o día o día 31 de decembro de 2008.

En proba de conformidade, as partes asinan por cuadruplicado na data e lugar indicados "ut supra".



Alfredo Suárez Canal

Conseleiro do Medio Rural



José Antonio Dono López

Alcade do Concello de A Estrada



**ANEXO I.- CRITERIOS PARA A XESTIÓN DA BIOMASA EN REDES DE FAIXAS DE TITULARIDADE MUNICIPAL**

ESPECIE VEXETAL / ACCIÓN SILVÍCOLA	PARÁMETROS DE XESTIÓN DE BIOMASA
	ÁREA DE ACTUACIÓN: VÍAS E CAMIÑOS FORESTAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL
<p><b>Estrato arbustivo</b></p> <p><b>Especie arbórea:</b></p> <p>Calluna vulgaris                      queiruga  Chamaespartium tridentatum      carqueixa  Cytisus spp                              xesta  Erica spp                                 uz, carpaza  Genista spp                              xesta, piorno  Pteridium aquilinum                  fento  Rubus spp                                silva  Ulex europaeus                         toxo</p>	Eliminación e retirada total das especies sinaladas
Estrato herbáceo : todo tipo de herbáceas	Permítese un estrato herbáceo verde cun volume inferior a 2.000 m <sup>3</sup> /ha (valor medio de 20 cm de altura)
Estrato arbóreo	A distancia mínima entre plantas será de 7 m mantendo as copas tanxentes. A poda debe ser do 35% da altura da árbore ata que esta atinxa os 11,4 metros, altura a partir da cal a poda debe alcanzar o mínimo de 4 metros por riba do solo. Retiraranse os restos.
Estrato arbóreo: pés emprazados fora da vía ou camiño	As pólas dos pés arbóreos emprazados fora das vías ou camiños non poderán superar o límite exterior da aresta dos mesmos.
Todo tipo de vexetación seca (arbórea, arbustiva e herbácea)	Eliminación e retirada total



*[Handwritten signature]*



## ANEXO II- REQUERIMENTOS MÍNIMOS DA MAQUINARIA

Deberá existir unha correspondencia entre as características do vehículo tractor e as dos apeiros que se mencionan a continuación, sendo de nova adquisición tanto o vehículo como a desbrozadora.

### VEHÍCULO TRACTOR

#### A. MOTOR

- Potencia (mínima) 120 C.V.
- Par máximo: 500 Nm (a 1.300- 1.400 r.p.m.)
- 5 cilindros (mínimo)
- Con filtro de aire

#### B. TRANSMISIÓN E CAIXA DE CAMBIOS

- Embrague accionamento hidráulico ou electrohidráulico
- Inversor electrohidráulico baixo par

#### C. TOMA DE FORZA


- Disco de embrague independente
- Accionamento electrohidráulico cun mínimo de 2 velocidades (540/1000 r.p.m.)

#### E. EQUIPO HIDRÁULICO

- Forza alzamento brazo: en función da desbrozadora de brazo.
- Circuito hidráulico: caudal mínimo de 95 l/minuto.

#### F. OUTRAS

- Ángulo de xiro de dirección 55 grados
- Cabina insonorizada con calefacción e aire acondicionado





## APEIROS

### A. CABRESTANTE

- Forza tiro mínima : 8000 qg.
- Mínimo 50 mts.de cable de 14 mmØ
- Accionamento hidráulico e reversible

### B. DESBROZADORA DE ARRASTRE

- Desbrozadora de enganche traseira
- Con rotor de martelos ou de cadenas
- Desprazamento hidráulico lateral e vertical do tractor
- Ancho de traballo mínimo: 1,65 mts

### C. DESBROZADORA DE BRAZO

- Cabezal adiantado
- Alcance: 3-5,5 mts
- Cabezal de 1,15-1,25 m. adaptable a cuchillas e martelos con dobre senso de xiro reversible e rotación.
- Sistema de refrigeración adecuado

Estes apeiros serán totalmente desmontábeis, permitindo utilizar o vehículo para os traballos de prevención, defensa e extinción de incendios forestais

